

¿QUEN FOI XULIÁN MAGARIÑOS NEGREIRA?

BREVES RETRINCOS BIOBIBLIOGRÁFICOS

X. AMANCIO LIÑARES GIRAUT

*Para o XXIX Congreso de ENCIGA.
Negreira, 17 a 19 de novembro, 2016.*

Xulián Manuel Magariños Negreira foi un intelectual que tivo a avogacía por oficio profesional e a fonda lectura de libros, escribir e ser galeguista por vocación. Naceu nunha casa da Praza de Ferreiro, na vila de Negreira, o 16 de setembro do ano 1904. Seus pais eran Manuel Magariños Pastoriza –moitos anos secretario do Concello negreirés, tamén colaborador na prensa da época– e Mercedes Negreira Trillo. Nos documentos oficiais puxéronlle tres nomes: Julián, Manuel e Cipriano. Moi cedo converteuse en orfo de nai e quedou tamén ó coidado dunhas tías paternas. Despois dos estudos primarios na terra natal e dos secundarios no Instituto de Compostela –que remata en 1922–, licenciouse en Dereito na Universidade de Santiago (1927). Nos anos como estudante en Compostela mantivo unha vida moi activa: formou parte da Tuna universitaria, da Federación de Estudiantes Católicos de Santiago (1922), foi un dos membros fundadores do Seminario de Estudos Galegos, SEG; afiliouse á Irmandade Nazionalista Galega (1923), asistiu a xuntanzas de varios colectivos culturais e ós parladoiros do Café Español, escribiu nos xornais e revistas, editou dúas novelas curtas, dirixiu a revista escolar *Adral*...

Entre 1928 e 1930 residiu en Madrid, onde se preparaba para unhas oposicións a rexistrador da propiedade, que xa logo abandonou por problemas de saúde. Nese tempo madrileño participou en varios cenáculos literarios e círculos intelectuais. Dende 1930, de volta na vila natal, tivo aberto bufete de avogado no seu domicilio da Carreira de San Mauro. Aí viviu coa súa dona, Carmen Negreira Tomé (1907–2003), dende o seu casamento na primavera de 1931. Do seu matrimonio naceu o seu único fillo, José, en 1932. Nestes anos seguiu cultivando as letras e as relacións de amizade, nomeadamente con persoas e grupos vinculados ó movemento republicano e galeguista. X. M. Magariños faleceu nunha idade moi temperá, con 29 anos, o 9 de xullo de 1934.

Ademais de co–fundador do prestixioso Seminario de Estudos Galegos (outono do 1923), traballou nesa institución na sección de Filoloxía e Literatura. Colaborou en diversos medios impresos, de Galicia e do mundo da nosa emigración en América (*La Renovación, Galicia, El Compostelano, El Pueblo Gallego, El País Gallego, Nós, A Nosa Terra, Céltiga, El Despertar Gallego, El Diario Español*...). Entre os seus 18 e 29 anos, o escritor negreirés viu editadas máis de sesenta colaboracións súas en xornais e revistas. É un dos autores do *Vocabulario popular galego-castelán* (1926–28) e publicou dúas novelas curtas na colección Lar, ambas en 1926: *O Kalivera 30 H.P.* e *O filósofo de Tamarica*. Salientamos tamén na súa obra as *Notas retrospectivas de Negreira*, algunhas delas publicadas no xornal agrarista comarcal *La Voz de Barcala* (1933–1935?).

Magariños, amais de posuír moitas calidades humanas e académicas, deixounos unha interesante produción histórico-literaria, que pode agruparse en tres bloques fundamentais: a novela, os amentados escritos verbo da terra barcalesa e tamén varias dúcias de artigos xornalísticos, de ensaio, costumistas ou de estudo ó redor da divulgación da conciencia de Galicia, tarefa prioritaria que unía ós seus compañeiros de xeración.

A relación epistolar de Magariños Negreira resulta moi reveladora sobre o seu círculo de amizades. Na lectura das súas cartas ollamos nomes significados de xentes vencelladas á Xeración Nós, ó Partido Galeguista e ó Seminario de Estudos Galegos.

Dende 1984, coa iniciativa da Sociedade Cultural *Afonso Eanes* e por decisión do goberno municipal, unha rúa de Negreira leva o seu nome. Quen isto subscribe, deu a coñecer a vida e obra de Xulián Magariños en diversos libros, revistas e colaboracións de prensa. A partir do ano 1991 o Concello de Negreira recuperou o seu despacho e biblioteca para a nova Casa da Cultura. Tamén se acordou nos órganos competentes que o Instituto de Secundaria se denomine I.E.S. *Xulián Magariños*.

O Concello de Negreira –coa unanimidade da Corporación Municipal–, declarou oficialmente o 2004 como *Ano Xulián Magariños*. Nesa ocasión e con diversos actos conmemorouse o Centenario do seu nacemento na vila do Cotón. O Congreso celebrado en setembro dese ano achegou novas perspectivas e un maior coñecemento da súa vida e obra.

O nome de Xulián Magariños, xunto co do trobador medieval Afonso Eanes do Cotón (séculos XII–XIII), constitúe, ó longo dos tempos máis afastados, a maior contribución da terra de Negreira ás letras galegas.

BIBLIOGRAFÍA:

- LIÑARES GIRAUT, X. A., *Xulián Magariños Negreira*, Xunta de Galicia, Santiago, 2004.
- LIÑARES GIRAUT, X. A. e B. A. ROIG RECHOU, *Xulián Magariños Negreira. Un home da época Nós, 1904-1934*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 1988.
- VV. AA., *Xornadas sobre Xulián Magariños. Actas*, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo – Xunta de Galicia, Santiago, 2004.